



PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2026

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 8 TRABALLADORES COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DP PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN + PROVINCIA 2026-2027) (PLAN + PROVINCIA) 2026- (BOP nº 1, do 02/01/2026).





CONCELLO DE AGOLADA

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 8 TRABALLADORES COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN + PROVINCIA 2026-2027) (PLAN + PROVINCIA) 2026- (BOP nº 1, do 02/01/2026).

BASES CONVOCATORIA CAPITULO III. LIÑA 3, ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026

Normas xerais./Motivos/Obxeto.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra en aplicación da resolución da convocatoria pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o **PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN + PROVINCIA 2026-2027) (PLAN + PROVINCIA) 2026 na súa CAPITULO III. LIÑA 3: ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026**

Ocupación, prazas, duración en meses, % xornada diaria e requisitos específicos:

Denominación Posto e Tipo Xornada	Operarios	Meses	Total meses en % a xornada
PEGADOR CARTEIS* (media xornada con discapacidade)	1	3	1,5
PAVIMENTADORES - XORNADA COMPLETA	2	7,5	15
POCEIROS REDES DE SANEAMENTO-XORNADA COMPLETA	2	7,5	15
MANTEDOR DE EDIFICOS-XORNADA COMPLETA	2	7,5	15
BAÑISTA-SOCORRISTA	1	2	2
	8		48,5

Servizo: CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS.





CONCELLO DE AGOLADA

1. De conformidade coas bases reguladoras do PLAN + PROVINCIA 2026, para a selección dos traballadores que cubran as necesidades dos servizos municipais, se procederá atendendo aos seguintes criterios do,

"CAPITULO III. LIÑA 3: ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026

Cuadrexésimo terceira. Obxecto

A través desta liña subvencionarase a contratación de persoas desempregadas, por parte dos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable e tendo en conta os seguintes requisitos:

- Que sexan prestados polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa.
- Que favorezan na súa execución ou prestación a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se van contratar.
- Que sexan prestados ou executados no ámbito municipal.
- Que respondan a necesidades de persoal urxentes e inaprazables; é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para desempeñar as súas competencias en termos razoables de eficacia.
- Que esas necesidades afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza; tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno.

As subvencións comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (de calquera categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos no parágrafo seguinte destas bases; en todo caso, respectaranse o salario mínimo interprofesional que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables de acordo coa categoría profesional da persoa traballadora. Os concellos poderán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

PRIMEIRA. Requisitos xerais dos traballadores e prelación de valoracións

"As traballadoras e traballadores que se contraten para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da/s correspondente/s oferta/s na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, nos que farán referencia aos





CONCELLO DE AGOLADA

requisitos e ás características que deben reunir as persoas que se van contratar para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

Os concellos beneficiarios serán os que realicen a selección definitiva das persoas candidatas, de conformidade coa normativa aplicable, na forma prevista e segundo os criterios sinalados a continuación, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución pola que se conceda a subvención.

Sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, para a selección daráselles preferencia por esta orde ás persoas dos seguintes grupos:

- Persoas en desemprego de longa duración.
- Mulleres con baixa cualificación.
- Persoas candidatas maiores de 45 anos.
- Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación.
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego.
- Vítimas de violencia de xénero.
- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo.
- Persoas candidatas con niveis de renda máis baixos.

A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e a persoa traballadora non vinculará a Deputación de Pontevedra.

SEGUNDA. Modalidades e outros requisitos do contrato

Así, segun o establecido nas bases xerais reguladoras se determina que "Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026", sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período.

Os concellos deberán contratar o persoal a través da modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na





CONCELLO DE AGOLADA

Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial."

TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Cumprir os 16 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.

d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

Ocupación: peón mantemento

Segundo as bases da convocatoria de axudas do 02 de xaneiro de 2026

"As traballadoras e traballadores que se contraten para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato."





Requisitos específicos:

-Non se esixen requisitos específicos salvo os seguintes;

1.-Pegador de cartaces. -Posto con reserva específica para persoas desempregadas con un nivel de discapacidade igual ou superior ao 65%.

2.-Bañista-socorrista.- Ter vixente durante todo o período da contratación o carnet de socorrista así como estar ao día no cumprimento da obriga autonómica do deber de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.

CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo atendendo aos requisitos establecidos e segundo o previsto nas bases de convocatoria, polo que se formularán ofertas de emprego no Servizo Público de Emprego, unha por cada ocupación e duración, a fin de obter unha lista de candidatos a participar no proceso de selección correspondente.

A selección definitiva das persoas traballadoras realizarase de entre as persoas candidatas que sexan remitidas por este organismo, non sendo admitido/a ningún candidato/a que non sexa preseleccionado/a e convocado/a polo Servizo Público de Emprego.

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado pola Oficina de Emprego para a súa presentación no Concello de Agolada, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos para ser obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo II (modelo de declaración responsable).

QUINTA. Admisión de aspirantes

Despois da presentación na data indicada polo SPEG, de tódolos candidatos incluídos na lista remitida pola Oficina pública de emprego, a alcaldía ditará unha resolución na que se determinará o resultado da sondaxe. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web, en caso de existir candidatos/as non considerados aptos para a súa participación no procedemento de selección, indicarse un prazo de dous días hábiles para que poidan presentar as correspondentes alegacións, este prazo comezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación da citada resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.





CONCELLO DE AGOLADA

En caso de non existir baixas na lista de candidatos/as se dará continuidade ao expediente mediante a aprobación pola alcaldía da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. Na citada resolución poderanse realizar as convocatorias de tribunais e de aspirantes para a celebración das correspondentes fases de selección. Do mesmo xeito poderase indicar o día, hora e lugar de celebración das probas, prácticas ou de coñecementos ou ambas, por ocupacións, así como a composición do tribunal que as xulgará e resolverá.

Efectuado dito proceso publicaranse a/as resolución/s coa/s lista/s de aspirantes que superaron a/as proba/s en orde decrecente de puntuación, (de maior puntuación a menor puntuación), e se proporá para a súa contratación a aqueles que obteñan a mellor puntuación, (de maior a menor), por orde decrecente, quedando os candidatos/as non seleccionados para os postos a ocupar, como inscritos nunha/s lista/s de reservas por cada ocupación e segundo a puntuación obtida por estes, de maior a menor. Os listados de reservas se utilizarán como primeira opción para cubrir as posibles vacantes ou baixas que se dean durante o período de contratación dos titulares de cada posto, cando así se entenda como necesario, en especial para cubrir baixas de máis dun mes ou baixas definitivas, renuncias aos postos dos seleccionados etc... A orde seguirá a dos resultados determinados nas puntuacións recollidas nas actas de selección, de maior a menor puntuación.

SEXTA. Tribunal/is cualificador/es

A selección dos aspirantes levarase en cada caso, por un Tribunal Cualificador coas seguintes características:

1. O Tribunal encargado da selección estará integrado por cinco (5) membros, coa seguinte composición:

□ Presidente/a. □ Secretario/a. □ 3 Vogais.

2. A composición nominal dos membros do Tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público e aprobarase por Resolución da Alcaldía que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. Na designación de membros terase en conta a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros. Así mesmo poderánse nomear, de ser o caso, suplentes dos cargos citados.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.





CONCELLO DE AGOLADA

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

En todo caso requírese a asistencia d@ presidente/a e d@ secretari@ ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

SÉTIMA. Publicidade da convocatoria e das bases

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web www.agolada.es.

OITAVA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

A fin de poder establecer unha prelación de candidatos segundo a idoneidade para os postos ofertados, e para atender aos requisitos establecidos nas bases publicadas no BOP nº 01 de 02 de xaneiro de 2026, se determinan os seguintes baremos e probas.

FASE DE CONCURSO- MÁXIMO 10 PUNTOS- (Pondera o 40% do total)

BAREMO DOS ASPIRANTES SEGUNDO AS BASES DE DEPUTACIÓN - MÁXIMO 10 PUNTOS (40% do proceso de selección)

- Persoas en desemprego de longa duración
- Mulleres con baixa cualificación
- Persoas candidatas maiores de 45 anos
- Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego
- Vítimas de violencia de xénero





CONCELLO DE AGOLADA

- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo
- Persoas candidatas con niveis de renda máis Baixa

A/ PERSOAS EN DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN: MAXIMO 1 PUNTO

Hasta 12 meses en desemprego 0,5 puntos.

Do seguinte día aos 12 meses ata 24 meses 0,75 puntos.

Máis de 24 meses en desemprego 1 punto.

B/ MULLERES CON BAIXA CUALIFICACIÓN: MAXIMO 1,5 PUNTOS

Estudos de FP II / Bacharelato ou estudos superiores 0,5 puntos

Estudos de FP I 0,75 puntos.

Estudos de EXB/ESO 1 punto.

Sen estudos 1,5 puntos.

C/ MAIORES DE 45 ANOS: MAXIMO 1,5 PUNTOS

De 45 a 47 anos 0,5 puntos

De 48 a 50 anos 0,75 puntos

De 51 a 55 anos 1 punto.

Maiores de 55 anos 1,5 puntos.

D/ PERSOAS MOZAS ESPECIALMENTE CON BAIXA CUALIFICACIÓN. MAXIMO 1 PUNTO

De 16 hasta 18 anos - 1 Punto.

De 19 a 21 anos 0,5 puntos

De 22 a 30 anos, 0,25 puntos

E/ DISCAPACIDADE FÍSICA/SENSORIAL SUPERIOR AO 50 %: MAXIMO 1 PUNTO

Discapacidade entre o 51% e ata o 65% 0,5 puntos

Discapacidade entre o 66% e ata o 75% 0,75 puntos

Discapacidade superior ao 76% 1 punto

F/ VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO: PUNTUACIÓN ÚNICA 1 PUNTO





CONCELLO DE AGOLADA

G/ FAMILIA MONOPARENTAL CON FILLOS AO SEU CARGO: MAXIMO 1 PUNTOS

- Con un fillo a cargo 0,5 puntos
- Con 2 fillos a cargo 0,75 puntos
- Con máis de 2 fillos a cargo 1 puntos

H/ SITUACIÓN ECONÓMICA:(ATA 2 PUNTOS)

- Sen ingresos 2 puntos.
- Perceptor de prestacións -De 1 euros ata 305,25 euros incluídos (1,5 Puntos).
- Perceptor de prestacións -De 305,26 ata 610,50 euros incluídos (1,00 Puntos).
- Perceptor de prestacións -De 610,51 euros ata 915,75 euros incluídos (0,5 Puntos).
- Perceptor de prestación-De 915,76 euros ata 1.221 euros mes incluídos (0,25 Puntos).
- Perceptor de prestación- Superior a 1.221,00 euros (0 Puntos)

FORMA DE ACREDITACIÓN: Declaración xurada. Poderase requerir documentación acreditativa e deberá de presentarse en prazo de un día hábil.

FASE DE OPOSICIÓN. - MÁXIMO 15 PUNTOS (SEMPRE QUE O CANDIDATO SE VALORE COMO APTO) Pondera o 60% do proceso de selección).

1. A fase de oposición constará de diferentes probas según o posto:

PROBA. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba tipo test ou dun suposto práctico relacionado coas funcións do posto a desenvolver, segundo as ocupacións que se especifican no seguinte cadro:

Denominación e nº de Postos	Tipo de Proba
PEGADOR CARTACES (1)	PRÁCTICA (valor máximo 15 puntos) < 7,5 puntos = Non Apto = Exclusión
PAVIMENTADORES (2)	PRÁCTICA (valor máximo 15 puntos) < 7,5 puntos = Non Apto = Exclusión
POCEIROS REDES DE SANEAMENTO (2)	PRÁCTICA (valor máximo 15 puntos) < 7,5 puntos = Non Apto = Exclusión
MANTEDOR DE EDIFICOS (2)	PRÁCTICA (valor máximo 15 puntos) < 7,5 puntos = Non Apto = Exclusión
BAÑISTA-SOCORRISTA	EXAME TEÓRICO-TEST (valor máximo 15 puntos) < 8 puntos = Non Apto = Exclusión





CONCELLO DE AGOLADA

O tempo máximo para a realización das probas será de ata sesenta (60) minutos, aínda que, en función da natureza das probas a desenvolver o Tribunal poderá establecer unha duración diferente para a realización das mesmas.

A proba cualificarase cunha puntuación de cero (0) a quince (15) puntos e ponderará o 60% do total do proceso de selección.

A marxe do número de respostas emitidas, os/as aspirantes a socorristas que non acaden neste apartado oito (8) respostas acertadas sobre as quince (15) propostas, terán a consideración de **non aptos/as e quedarán excluídos/as** do proceso selectivo, sendo de igual maneira para o resto dos aspirantes que non acaden unha puntuación nas probas de 7,5 ou superior sobre o máximo establecido de 15 puntos. Considérase tamén como práctico o desenrolo da proba con preguntas teóricas que reflectan na resposta solicitada definir procesos e actuacións prácticas no desenrolo cotiá das actividades da ocupación a baremar.

As persoas aspirantes concorrerán á realización dos exercicios provistas co seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do Tribunal e dos medios materiais necesarios para a realización das probas. Serán convocadas en chamamento único, quedando excluídas as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal. O Tribunal poderá requirir en calquera momento do proceso que acrediten a súa identidade.

As probas atenderan aos seguintes requisitos:

SOCORRISTA/S

- 1) Test sobre o temario adxunto, de 15 preguntas e ata 5 de reserva, con 4 respostas alternativas das que so unha será correcta. O valor de cada pregunta será de 1 punto ata os 15 puntos totais nesta fase.

As preguntas erradas restan 1 punto, en branco non restan. So se permiten neste apartado 3 erros.

PEONS E PEGADOR DE CARTACES

- 1) As probas prácticas a desenrolar se establecerán en función dos postos no momento de ser avaliadas.

Todas puntuarán sobre un máximo de 15 puntos e se ponderarán sobre 6 que é o máximo nesta fase de oposición. (60% do total).

A valoración das probas prácticas terán en conta os seguintes criterios:

- Coñecementos para a realización das funcións. Pasos na execución.
- Capacidade de obtención de resultados acordados ao solicitado. Resultados obtidos.
- Tempo empregado e velocidade de execución para a obtención do resultado.

Non acadar nesta fase, unha nota de 7,5/15 suporá o decaimento do candidato no proceso de selección.





CRITERIOS DE DESEMPATE.

No suposto de empate nas puntuacións, o desempate dirimiranse da seguinte maneira:

- Primeiro por aquel/a aspirante que obtivera maior puntuación no concurso de méritos.
- Segundo por aquel/a aspirante que obtivera maior puntuación na proba práctica ou teórica.

Por último, se continúa o empate, dirimirase finalmente por orde alfabética de apelidos das persoas aspirantes empatados e iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «U», atendendo ao disposto na Resolución de 28 de xullo de 2025, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración do Estado, publicada no BOE número 184, de 1 de agosto de 2025.

NOVENA. Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento.

Unha vez rematadas as cualificacións das probas e baremación dos aspirantes, o tribunal lles notificará e fará pública a prelación dos candidatos aos postos de traballo, coa puntuación provisional acadada por orde de puntuación de maior a menor puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.agolada.es; os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado este prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado ó presidente da corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

Os/as aspirantes que superasen o proceso pero non resultasen seleccionados/as, se os houbera, determinados/as por orde descendente de puntuación, serán propostos/as polo Tribunal, elevando proposta, para formar unha lista de reserva para cubrir posibles renuncias, baixas, vacantes temporais ou calesquera outras circunstancias sobrevidas respecto da ocupación dos postos de titulares polo persoal e durante todo desenvolvemento do plan.





CONCELLO DE AGOLADA

DÉCIMA. Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web (www.agolada.es), ante o alcalde do Concello de Agolada, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web (www.agolada.es), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.

Agolada, a data de sinatura dixital de 2026.

O Alcalde

D Oscar Val García.





CONCELLO DE AGOLADA

ANEXO I: TEMARIO BAÑISTA-SOCORRISTA

BLOQUE I: ORGANIZACIÓN MUNICIPAL E NORMATIVA

1. **O Concello en Galicia:** Organización básica (Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno). Competencias municipais en concellos de menos de 5.000 habitantes.
2. **Dereitos e deberes do persoal laboral:** O persoal ao servizo da Administración Local. Normas de conduta, réxime disciplinario e atención ao usuario nas instalacións públicas.
3. **Regulación do Socorrismo en Galicia:** O **Decreto 35/2017**, polo que se regula o réxime dos establecementos de baño de Galicia. Inscripción e renovación no Rexistro de Socorristas Acuáticos.

BLOQUE II: A INSTALACIÓN E O CONTROL SANITARIO

4. **Regulamento Sanitario de Piscinas en Galicia:** O **Decreto 103/2005**. Condicións hixiénico-sanitarias das piscinas de uso colectivo. Dereitos e deberes dos usuarios.
5. **Calidade e Tratamento da Auga:** Parámetros microbiolóxicos e químicos (cloro, pH, turbidez). O libro de rexistro oficial da piscina. Seguridade na manipulación de produtos químicos.

BLOQUE III: PREVENCIÓN E VIXILANCIA

6. **Vixilancia en Recintos de Piscina:** Técnicas de vixilancia estática e dinámica. Identificación de condutas de risco e prevención de accidentes no contorno do vaso e zonas de lecer.
7. **Seguridade e Autoprotección:** O Plan de Autoprotección da piscina municipal. Protocolos de evacuación e coordinación co 112 Galicia e servizos de emerxencias locais.

BLOQUE IV: RESCATE E PRIMEIROS AUXILIOS

8. **Técnicas de Rescate Acuático en Piscina:** Entradas na auga, aproximación, presas e remolques. Extracción de vítimas e uso de material de salvamento (aro, pértega, tableiro espiñal).
9. **Soporte Vital Básico (SVB) e DESA:** Reanimación cardiopulmonar (RCP) en adultos e nenos segundo as recomendacións do ERC. Uso do desfibrilador externo semiautomático en ambientes húmidos.
10. **Primeiros Auxilios e Atención Inicial:** Protocolo ante sospeita de lesión medular por mergullo. Atención a cortes, lipotimias, insolacións e picaduras de insectos comúns no interior.





CONCELLO DE AGOLADA

ANEXO II -DECLARACIÓN RESPONSABLE PLAN + PROVINCIA 2026

D. _____ CO DOCUMENTO* _____
*(APORTARÁ O DOCUMENTO NO MOMENTO DA PRESENTACIÓN)

Domicilio a efectos de notificacións en.

Dirección postal

Teléfonos de contacto

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE

TEMPO EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO

- ATA 12 MESES
 DE +12 MESES a 24 MESES
 MÁIS DE 24 MESES

NIVEL DE ESTUDOS REMATADO

- FPII- BACHARELATO-UNIVERSITARIOS
 FP I
 E.X.B ou E.S.O
 SEN ESTUDOS

IDADE ACTUAL EN ANOS (INDICAR EN N°)

TEÑO UNHA DISCAPACIDADE DUN % (INDICAR)

SON VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

SÍ

NON





CONCELLO DE AGOLADA

SON FAMILIA MONOPARENTAL SÍ NON

SI A RESPONDA E SÍ, INDIQUE O NÚMERO DE FILLOS A CARGO

fill@s menores de 26 anos ou maiores con discapacidade

a) UN b) DOUS (2) c) MAIS de DOUS (+de 2)

NIVEL de RENDAS. PERCIBO AS SEGUINTE RENDAS

1.-	<input type="text"/>	IMPORTE/MES	<input type="text"/>
2.-	<input type="text"/>	IMPORTE/MES	<input type="text"/>
3.-	<input type="text"/>	IMPORTE/MES	<input type="text"/>

Que para a acreditación dos puntos arriba indicados presentarei cando se me requira a documentación xustificativa necesaria, segundo o estipulado no baremo de criterios de preferencia e méritos,

OUTROS DATOS DE INTERESE QUE DESEXE FACER CONSTAR.

*Quedo informado de que en caso de requerimento me comprometo a presentar acreditación documental da veracidade dos datos manifestados nun prazo de 1 día hábil. Non atender dito requerimento no prazo que se indique na comunicación ou de verificarse a non existencia e coincidencia dos mesmos, conlevará a exclusión do candidato do proceso de selección e se dará continuidade ao mesmo.

*Atendendo á protección de datos persoais, autorizo ao Concello de Agolada ao uso regulado dos meus datos atendendo ao bo fin deste procedemento e quedo informado da posibilidade de solicitar a cancelación, modificación ou anulación dos datos mediante escrito dirixido ao Sr alcalde-presidente, en tal sentido enviado a Concello de Agolada-Praza do Concello 1- CP 36520-Agolada (Pontevedra)

Para que conste e declarando a veracidade de todo canto cito, asino a presente declaración en Agolada a _____ de _____ de 2026.

Asdo:-

**AO SR ALCALDE- PRESIDENTE
DO CONCELLO DE AGOLADA**

